



nota de prensa

Veciñanza pídelle ao Concello de Cuntis que informe sobre a nova liña eléctrica que discorrerá polo municipio

Veciñanza solícítalle ao Alcalde que convoque unha reunión informativa e que o Concello axude nas alegacións e informe das consecuencias dunha segunda liña de alta tensión en Cuntis.

Cuntis. 9 de outubro de 2019

A Xunta de Galicia comunicoulle ao Concello de Cuntis que se atopa en fase de exposición pública, e polo tanto aberto á formulación de alegacións, o proxecto para a instalación dunha nova liña de Alta Tensión (220 kV) que discorrerá, entre outros, polo termo municipal de Cuntis. Trátase, concretamente, do percorrido entre o parque eólico de Lousame e a subestación eléctrica de Tivo, en Caldas.

Veciñanza pídelle ao Alcalde de Cuntis que convoque un encontro informativo e que, de ser preciso, poña a disposición dos veciños o persoal especializado que sexa necesario para informalos e axudalos nas alegacións que consideren oportunas, de ser o caso.

O documento atópase dispoñible na sede electrónica do concello de Cuntis e nel pódese acceder tanto ao proxecto como á relación de afectados/as. Veciñanza considera que se trata dun asunto **de suficiente importancia como para que o Concello de Cuntis convoque unha reunión informativa** cos veciños/as e **explique as consecuencias** de que pase outra liña máis de alta tensión polas inmediacións de fogares e instalacións de todo tipo, así como para aportar toda a información da que dispoña e poder **axudar a resolver as dúbidas que xurdan**. Trátase dun documento moi denso (o proxecto ten 723 páxinas) ao cal non todas as persoas poden acceder con facilidade nin enténdelo con precisión, xa que reviste evidentemente un marcado carácter técnico.

Ante as habituais dificultades de accesibilidade deste tipo de procesos burocráticos, Veciñanza considera que a Administración Local debe poñerse sempre ao servizo das persoas para informar e acompañar **na defensa dos intereses dos/das afectados/as**. Cómpre tamén **informar con transparencia das consecuencias que poden supoñer este tipo de grandes infraestruturas**, tendo en conta que o noso municipio xa está atravesado por outra liña de Alta Tensión de semellantes características.